

ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA.

CURSO 2021/2022

1. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA A ESO NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 6 DE XUÑO E O 22 DE XUÑO.

As actividades programadas para devandito período adecuaranse ao número de sesións para cada curso nese tempo, tendo en conta que unha das sesións queda reservada para a realización das probas de recuperación ou mellora. Sendo o total de sesións para cada curso os seguintes:

1ºESO: 9 sesións - 3ºESO: 4 sesións - 4ºESO: 8 sesións

1.1. Alumnado coa materia suspensa

Con este alumnado realizarase un reforzo educativo específico para cada avaliación que precise recuperar. Basearase na realización de fichas de traballo(non puntuables) que tratarán de reforzar aqueles aspectos máis febles e que orientarán ao alumnado cara á realización da proba de recuperación.

1.2. Alumnado coa materia superada

Co alumnado coa materia superada realizaranse fichas de traballo de consolidación daquelas partes que consideremos menos asentadas ou de máis relevancia para a continuidade da materia así como actividades de ampliación (tipo traballos de exposición oral) que poidan despertar un maior interese na mesma, sempre que o número de sesións neste período o permita.

2. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA A ESO

2.1. Procedemento para acadar a nota da 3ª avaliación

A nota da terceira avaliación calcularase segundo o procedemento fixado para cada curso para a primeira e segunda avaliación, tal como está xa reflexado na programación didáctica do Departamento de Bioloxía para o curso 2021/2022. De xeito resumido: nota media calculada a partir das notas das probas escritas realizadas e das notas de aula (fichas, participacións orais e entrega de tarefas).

Para poder ser cualificado positivamente, o alumnado deberá lograr unha cualificación igual ou superior a 5.

2.2. Procedemento para a recuperación das partes da materia non superada

Ao alumnado suspenso nalgunha das avaliacións realizaráselle unha proba de recuperación durante o terceiro trimestre, tal e como se fixa na programación.

Se segue tendo materias pendentes tras a 3ª avaliación, ben porque non superou esta e/ou porque non recuperou as anteriores, no período comprendido entre o 6 de xuño ao 22 de xuño realizaráselle unha proba escrita de recuperación. Para preparar dita proba, realizará fichas de traballo (non puntuables) que lle permitan reforzar aqueles aspectos máis febles da materia.

2.3. Procedemento para acadar a nota final

a) Alumnado coas 3 avaliacións aprobadas a data 6 de xuño.

A nota final calcularase facendo a media aritmética das medias obtidas nas tres avaliacións. Ademais, neste período realizaráselles actividades de consolidación e ampliación de contidos, que permitan redondear a nota final.

b) Alumnado con avaliacións non superadas a data 6 de xuño.

Se a proba de recuperación está aprobada (5 sobre 10), recupérase a materia.

A nota final calcularase facendo a media das tres avaliacións igual ou superior a 5.

3. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA O BACHARELATO NO PERÍODO COMPENDIDO ENTRE O 6 DE XUÑO E O 22 DE XUÑO.

As actividades programadas para devandito período adecuaranse ao número de sesións do curso nese tempo, tendo en conta que unha das sesións queda reservada para a realización das probas de recuperación. Sendo o total de sesións para cada curso os seguintes:

BIO-XEO: 8 sesións

A.APLICADA: 5 sesións

3.1. Alumnado coa materia suspensa

Con este alumnado realizarase un apoio educativo específico para cada avaliación que precise recuperar. Basearase na realización de fichas de traballo (opcionais e non puntuables) que tratarán de reforzar aqueles aspectos máis febles e que orientarán ao alumnado cara á realización da proba de recuperación.

3.2. Alumnado coa materia superada

Co alumnado que ten a materia superada realizaranse fichas de traballo (opcionais) de consolidación daquelas partes que consideremos menos asentadas ou de máis relevancia para a continuidade da materia así como actividades de ampliación que poidan espertar un maior interese na mesma, sempre e cando o número de sesións neste período o permita.

4. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN PARA O BACHARELATO

4.1. Procedemento para acadar a nota da avaliación ordinaria do 6 de Xuño

A nota final calcularase segundo o procedemento fixado para cada curso tal como está reflexado na programación didáctica do Departamento de Bioloxía curso 2021/2022. Para poder ser cualificado positivamente, o alumnado deberá lograr unha cualificación igual ou superior a 5.

4.2. Procedemento para a acadar a nota da avaliación extraordinaria .

Ao alumnado suspenso realizaráselle unha proba escrita de recuperación , tal e como se fixa na programación didáctica do Dpto de Bioloxía para o curso 2021/2022.

Para axudar a preparar dita proba, realizarán fichas de traballo (opcionais e non puntuables) que lle permitan reforzar e repasar aqueles aspectos máis febles da materia. . Para poder ser cualificado positivamente, o alumnado deberá lograr unha cualificación igual ou superior a 5.

A xefa do Dpto. de Bioloxía

M^a TERESA FERNÁNDEZ MELLA